

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convoca para o ano 2021 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C, PE120E e PE120F).

BDNS (Identif.): 544983.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade:

1. Limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptar a pesca á protección das especies.
2. Mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros
3. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático.
4. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático, a través da substitución de motores principais ou auxiliares.



5. Aumentar o valor engadido, calidade dos produtos e utilización das capturas non desexadas.

6. Servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convoca para o ano 2021 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C, PE120E e PE120F).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2021 as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación que figura dotada no orzamento de gastos de Consellería do Mar para o ano 2021, tramitándose de forma anticipada.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.0. Importe: 274.000 € limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.6. Importe: 517.000 € mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.4. Importe: 100.000 € mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.3. Importe: 106.231 € mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático. Substitución de motores principais ou auxiliares.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.5. Importe: 235.000 € aumentar o valor engadido, calidade dos produtos e utilización das capturas non desexadas.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A. 770.1. Importe: 25.000 € servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte á publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2020

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: ptwtjxy3-t2p4-6w75-msp4-whd9t7t0lfb8

